



Asociación Cultural TANXEDOIRA

tels.: 981 139 160 / 611 052 456 · e-mail: ACTanxedoira@Tanxedoira.org · blog: <http://tanxedoira.blogspot.com.es> · web: www.tanxedoira.org
Novembro 2022

/ O que fixemos... / Lotaría de Nadal.

Comida “de traje”.

E por fin, despois do parón por mor da pandemia, retomamos o inicio dun novo curso con toda normalidade. Loxicamente, iso implica a nosa xa tradicional “comida de traje”, porque “yo traje tortilla, yo traje ensaladilla rusa...”.

Se ben o quórum desta vez non foi moi elevado, os asistentes gozamos igualmente dos pratos elaborados (e tamén dos comprados!!) ademais de pasar un rato divertido bailando co DJ Loureiro (aqueles maravillosos anos); e tamén cos nosos cantos tradicionais acompañados coas guitarras de David e máis da miña. Botábase de menos pasar estes ratos coa familia Tanxedoira así que espero con gañas que veña a seguinte e oxalá sexamos moitos máis..

Leticia Riestra Ainsua.



Foto de rigor do grupos de asistentes

Recordamos que tedes no local décimos de lotaría co número de Tanxedoira (82966) e que tamén podeades compralos na administración de lotaría do centro comercial Carrefour de Alfonso Molina. Estarán dispoñíbeis até o sábado 10 de decembro, data a partir da cal a administración venderá este número sen ser exclusivo de Tanxedoira. Non vos esquezades e non quededes sen el!

¿y si cae aquí el sorteo de navidad?

82966

ADMÓN. 44 - A CORUÑA
Carrefour - Alfonso Molina
Tlf: 981 13 46 99
www.loteriaslagrulla.es

2021 4º PREMIO NAVIDAD
2020 5º PREMIO NAVIDAD
2019 5º PREMIO NAVIDAD
2018 2º PREMIO REYES
2016 1º PREMIO REYES
2011 5º PREMIO NAVIDAD

LA GRULLA
LOTERIAS

Número da Asociación para Nadal.

Tanxedoira.

Show-cooking Nadal.

O sábado 3 de decembro ás 16:00 imos ter unha clase-demostración de cociña a cargo do chef José Ramón Riestra Ainsua no noso local social.

Neste caso, vainos ensinar a preparar varios pratos para cociñar para que poidamos usar nestas festas.

Todas aquelas persoas que esteades interesadas en asistir, por favor contactade coa directiva para ter controlado o aforo.

Tanxedoira.

Convocatoria Reunión Asemblea Extraordinaria

Leticia Riestra Ainsua, presidenta en funcións da Asociación Cultural Tanxedoira, coas atribucións e facultades descritas nos Estatutos da Asociación, convoca a todos/as os/as socios/as a Asemblea Xeral Extraordinaria, que se celebrará o venres día 16 de decembro ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 horas en segunda, no local social da Asociación, sito na R/ Azahar 6-8, 1º Esqda.

Coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Lectura e aprobación das contas do curso 2019 a 2022.
3. **Elección da nova Xunta Directiva.**
4. Rogos e preguntas.

Aqueles/as socios/as que desexen propoñer a súa candidatura teñen toda a información necesaria nos estatutos da Asociación. Alén diso, terán tamén á súa disposición, para calquera aclaración, aos membros da actual directiva.

As candidaturas poderanse enviar por correo electrónico a actanxedoira@tanxedoira.org ou entregarse no local, sempre en horario de atención ao socio, a calquera membro da xunta directiva.

Queda establecida como data límite para a presentación de novas candidaturas o propio día da asemblea antes das 19:30.

Ao finalizar a asemblea haberá uns petiscos para todas as persoas asistentes. 🍷

Tanxedoira.

Comida 8 xaneiro.

Este ano, imos cambiar o noso tradicional festival de Nadal por unha comida de confraternización entre todos os socios e non-socios.

Para iso, imos organizar un xantar que terá lugar no Mesón A Chispa (Rúa Javier López López, 25) o domingo 8 de xaneiro ás 14:30.

O menú consistirá en luras á romana, tortilla, croquetas, churrasco mixto (porco e tenreira), chourizo crioulo e polo. E acompañando tamén de patacas fritidas e ensalada.

Para finalizar, sobremesas e café. Todo regado de auga, cervexa e viño.

O prezo do mesmo é de 25 euros para non-socios e de 15 euros para socios (a outra parte irá subvencionada pola propia asociación).

Colocaremos no local unha listaxe para que vaiades anotando a vosa asistencia e as vosas eleccións de pratos. Ademais debedes pagar os cartos ao monitor ou monitora da vosa actividade. Tamén podeades realizar o pago os venres en horario de oficina. Tedes de data límite para anotarvos até o 1 de xaneiro.

Se alguén non pode comer ese menú, podemos falar co restaurante para ter un menú alternativo.

Pd.: Se despois quedan gañas de festa, podemos continuar a festa no noso local. 🍷

Tanxedoira.

Aqueles maravillosos anos!



1996. Festival de Nadal.

/ A destacar.../

Axenda

📅 Sábado 3 de decembro.

MASTER-CLASS COCIÑA NADAL.- No local social, ás 16:00 a cargo de José Ramón Riestra

📅 Venres 16 de decembro.

ASEMBLEA EXTRAORDINARIA.- Ás 20:00 en primeira convocatoria e 20:30 en segunda.

📅 Domingo 8 de xaneiro.

COMIDA.- A partir das 14:30 horas, no Mesón a Chispa previa reserva.

/ Non perdas.../

Lotaría de Nadal.

Non esquezades de comprar o noso número deste ano!

Publicación
subvencionada pola
Deputación da Coruña.

